

ALMUDENA HOSPIDO QUINTANA, SECRETARIA DA COMISIÓN DO GRAO EN ENXEÑARÍA QUÍMICA DA USC, CERTIFICA, que trala reunión ordinaria celebrada o 2 de maio de 2024 alcanzáronse os seguintes acordos:

Ratificar os acordos aprobados por vía de urxencia no período comprendido entre o 3 de abril (data da anterior reunión da comisión) e o día de hoxe.

Aprobar a proposta de resposta ao informe provisional da ACSUG á memoria do novo plan de estudos do GrEQ.

Aprobar a adaptación dos contidos HYSYS & visitas técnicas as materias do novo plan de estudos do GrEQ nos seguintes termos:

Obxectivo da docencia de Aspen Hysys:

- *Darlle ao estudantado unha formación básica no emprego dun simulador.*
- *Servir de apoio aos coñecementos enxeñeriles adquiridos durante a impartición dalgunhas materias da titulación.*

<i>Materia (horas)</i>	<i>Contidos</i>
<i>Fundamentos de procesos químicos I (*) 6 horas</i>	<i>Introdución ao simulador AspenHYSYS (Entorno Básico) Definición de correntes Propiedades Físicas Balance mesturador/Bifurcación de correntes</i>
<i>Fundamentos de procesos químicos II 7 horas</i>	<i>Definición do Entorno Básico da simulación Equipo para bombeo Equipo de expansión: Válvula Equipo de intercambio de calor: Quecedor/ arrefriador e o seu uso na integración enerxética de dúas correntes Separador Flash Reactor de conversión (adiabático e isoterma) Recirculación de correntes Secuencia separación con columnas de destilación utilizando a unidade shortcut.</i>

** Recomendación da comisión: 3 horas de folia de cálculo + 3 horas de uso de simulador para dar cobertura á competencia recollida na ficha da materia.*

Visitas técnicas e materias ás que están vinculadas:

<i>Curso e semestre</i>	<i>Empresa exemplo</i>	<i>Materia(s) do plan de estudos</i>
<i>1º 1º</i>	<i>CLUN</i>	<i>Fundamentos de procesos químicos I</i>
<i>1º 2º</i>	<i>FORESA</i>	<i>Fundamentos de procesos químicos II</i>

Aprobar a proposta de nomeamento do profesor Alberte Regueira López como coordinador de 1º curso a partir do curso 2024/2025.

Santiago de Compostela, 2 de Maio de 2024